

Enrédate nos nosos Museos
Coñécesnos?

Programa de Actividades Escolares
2017/2018

museo fortaleza
san paio de narla
REDE MUSEÍSTICA




museo provincial
de lugo
REDE MUSEÍSTICA



museo pazo
de tor
REDE MUSEÍSTICA



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

museo provincial do mar

REDE MUSEÍSTICA



Programa de Actividades Escolares **2017/2018**

A Rede Museística Provincial, dependente da Deputación de Lugo, e a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2017/2018 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co departamento de Didáctica deste Museo.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

1. Descripción
2. Obxectivos
3. Competencias básicas
4. Contidos de aprendizaxe
 - 4.1. Conceptuais
 - 4.2. Actitudinais
 - 4.3. Procedimentais
5. Metodoloxía
6. Secuencia de actividades
7. Recursos materiais
8. Organización do espazo e tempo
9. Avaliación
10. Atención á diversidade

1. Descripción

Lugo é unha provincia con mar. É algo evidente pero que realmente moita xente descoñece. A imaxe que se proxecta da provincia desde o exterior é a dun territorio interior marcado por vales, chairas e montañas. Isto non ten nada de malo pero a provincia de Lugo é más diversa, cunha riqueza para poñer en valor en moitos sentidos.

Lugo ten mar, ten unha das maiores frotas pesqueiras do Cantábrico, ten praias, ten mareas e ten temporais. E Lugo ten unha xanela aberta ao mar en forma de Museo Provincial do Mar.

O museo conta a historia épica de navegantes e cazadores de baleas, con espazo para o lirismo narrativo das praias repletas de cunchas que cantan ás pescantinas ao traballar. Trátase dun museo que fala da historia do ser humano pero tamén da tremenda e fráxil biodiversidade do medio mariño. Un museo para aproveitar e simbolizar esa parte da provincia de Lugo que mira ao norte e nos conecta co mundo «mar por medio».

Así, desde a Rede Museística Provincial de Lugo, consideramos que esta ferramenta en forma de museo é útil para a aprendizaxe en valores, coñecementos e procesos dxs futurxs cidadáxs do mañá.

Deste xeito propoñemos esta unidade didáctica para que a rede colaborativa na que traballamos se estenda tamén aos centros educativos, que xeren sinerxías connosco na formación desde o respecto axs outrxs e á propia natureza.

Estimamos que o Museo Provincial do Mar é un espazo onde se poden aprender importantes leccións sobre o noso pasado común e tamén sobre os desafíos do futuro. Por isto, convidamos a aprender con nós por medio desta unidade didáctica.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

2-Obxectivos

1. Comprender a diversidade do medio natural e dos biotipos asociados ao mesmo.
2. Observar e entender a diversidade de formas humanas que se adaptan ás distintas formas do territorio.
3. Aproximarse á diversidade ecolóxica como forma de riqueza, tanto natural como económica.
4. Utilizar o Museo Provincial do Mar, que garda a memoria colectiva da comunidade local, como xanela aberta ao mar da provincia de Lugo difundindo o carácter marítimo da mesma.
5. Empregar o patrimonio biolóxico e natural como chamada á conservación do medio e non ao colecciónismo de tesouros naturais.
6. Entender os obxectos como exemplos de vida, de actividade humana, como reforzo dunha historia antes que como fetiches que garden algo en si mesmos.
7. Comprender o fracaso como algo consubstancial á praxe a partir do naufraxio como inherente á navegación.
8. Valorar a contribución do pasado e das persoas maiores para a construcción da sociedade actual, tanto nos aspectos económicos e materiais como nos culturais e políticos.
9. Entender as formas tradicionais de traballo como formas colaborativas de producción e consenso.
10. Comprender o carácter finito dos recursos naturais e a necesidade de interactuar cos mesmos desde o equilibrio ecolóxico.
11. Ver o museo non como un almacén de obxectos e coñecementos, senón como un lugar dinámico onde existe lugar para o lecer e para compartir experiencias.
12. Pensar na costa non só como lugar de sol e praia, tamén como conxunto complexo de interaccións humanas e naturais que, con carácter histórico, resultaron nunhas formacións naturais e culturais determinadas.
13. Entender a permanencia de actividades tradicionais en áreas con orientación turística como un patrimonio cultural e unha riqueza para oriúndxs da Mariña e para visitantes.
14. Eliminar culturas sexistas mediante a comprensión de que os actuais roles de xéneros non son universais, nin tampouco resultado dunha división do traballo debido a unha maior fortaleza física ou predisposición natural.
15. Relativizar a diversidade funcional eliminando unha interpretación limitadora ao relacionar traballos diferentes con persoas diferentes, contribuíndo todxs ao ben común.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

3. Competencias básicas

Competencias lingüísticas

Escoitar - Conversar - Ler

A maior parte das actividades realizanse de forma oral ou nun espazo educativo marcado pola oralidade. Isto contribúe a mellorar o desenvolvemento da lingua oral no alumnado, especialmente naqueles parámetros marcados polo seu exercicio en grupo.

Competencias matemáticas

Comprensión, representación e medida do espazo.

O traballo en base a instrumentos de navegación, así como á comprensión da paisaxe e o traballo en escala contribúe a mellorar as capacidades en relación á conversión matemática da realidade física.

Coñecemento do medio

O conxunto da unidade didáctica versa sobre o coñecemento das realidades natural e cultural dunha parte da provincia de Lugo, representada mediante o Museo Provincial do Mar. Tamén trata o carácter ecoloxicamente diverso do medio mariño polo que, o conxunto da actividade reforza, con carácter xeral, o coñecemento do medio.

Competencia social e cidadá

Relacións persoais - Traballo cooperativo - Interacción e coñecemento da realidade social

A idea de museo comunitario construído en base a redes de traballo colaborativo e a súa reproducción no proceso de aprendizaxe, mellora as competencias sociais e cidadás do alumnado.

Competencia cultural e artística

Coñecemento do patrimonio - Construcción cultural compartida

O museo é a ferramenta más usual na conservación e disposición do patrimonio. Ademais, o enfoque concreto da Rede Museística Provincial de Lugo fundaméntase no traballo en proxectos de base colaborativa e que aporten valor engadido á educación comunitaria.

Aprender a aprender

A aprendizaxe non só se realiza en centros educativos. A descuberta dun museo é tamén a descuberta dunha nova forma de aprendizaxe, de carácter curricular ou non curricular, pero cun contido fondamente social. Aprender en sociedade.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

4. Contidos de aprendizaxe

4.1. Conceptuais

O museo como espazo de memoria.
Evolución da navegación.
Construcción e tipoloxía das embarcacións tradicionais.
Actividade pesqueira e marisqueira. Traballos derivados.
Non só peixes. Outros animais mariños.
Os grandes mamíferos mariños. A balea e a súa caza.

4.2. Actitudinais

Valorar os obxectos como pezas de memoria.
Actitude de respecto polo medio natural.
Valorar o complexo como sumatorio de cousas.
Actitude de respecto perante o outro.
Sensibilidade respecto do herdado do pasado.
Valorar o traballo e as tarefas de todxs por igual.

4.3. Procedamentais

Relación entre narración, relato e realidade material.
Discernir o fundamental do accesorio.
Conservación da memoria.
Utilización da perspectiva, da maqueta ao real.
Evolución tecnolóxica como espiral.
Repartición igualitaria das tarefas.
Adaptación ás circunstancias cambiantes en cada lugar.
Relativización da propensión natural para o éxito.

5. Metodoloxía

Aprendizaxe funcional.
Enfoque globalizante.
Enfoque lúdico.
Protagonismo do alumnado
Metodoloxía activa.
Contextos significativos.
Aprendizaxe cooperativo.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

6. Secuencia de actividades

NA AULA

- Coñecemos a costa e o mar de Lugo a través de mapas, fotografías e textos.
- Pensamos en museos da nosa órbita xeográfica e social segundo o lugar do centro de ensino.
- Reflexionamos sobre as paisaxes da nosa comarca e os traballos tradicionais.
- Especulamos sobre o que pode haber nun museo dedicado ao mar.
- Traballamos sobre a historia da navegación.
- Reflexionamos sobre todo aquilo que pode ofrecer o mar e a ribeira.
- Enumeramos e investigamos sobre os animais que viven no mar e nas áreas costeiras.

NO MUSEO

1. Visita guiada ao museo

O museo como relator de historias. Con esta actividade son xs propixs escolares xs que constrúen tamén o significado das pezas do museo. Poténciase así a súa capacidade de observación e reflexión ao tempo que se fomenta o seu espírito crítico.

2. Actividades interactivas

A agulla de marear. Desde os inicios dos tempos o ser humano foi creando sistemas e aparatos para viaxar cada vez máis lonxe. A través da análise dos diversos instrumentos de navegación cos que contamos no Museo Provincial do Mar convertémonos en descubridorxs de territorios afastados.

• Levando o temón

Descripción: Con esta actividade xs alumnxs coñecerán os instrumentos de navegación más sinxelos usados nun barco como son o temón ou o compás.

Nivel educativo: Educación Infantil.

Metodoloxía: Despois de visitar o museo xs pícarxs sentaranse na sala dedicada á navegación. Alí entregaráselles un caderno con debuxos de instrumentos de navegación que terán que recoñecer e pintar.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

• **Imos navegar**

Descripción: Con esta actividade o que se busca é que o alumnado se achegue á cultura e tradición mariñeira galega en xeral e á de San Cibrao en particular.

Nivel educativo: Educación Primaria (1º, 2º e 3º).

Metodoloxía: Despois da visita ás salas do museo entregaráselle a cada alumnx un caderno no que ao lado dun recadro con tres nomes, haberá outro cun debuxo. Terán que unir cunha frecha o nome co debuxo que lle corresponda.

Temporalización: 50 minutos.

• **Buscando o norte**

Descripción: Con esta actividade búscase que xs alumnxs se mergullen na historia da navegación e coñezan os diferentes instrumentos para a orientación marítima.

Nivel educativo: Educación Primaria (4º, 5º e 6º).

Metodoloxía: Cada alumnx disporá dun caderno no que terán que axudarlle a Cipriana, a mascota do museo, a buscar o norte para volver á súa casa. Para logralo, deberán indicar cales son os instrumentos de navegación más axeitados.

Temporalización: 50 minutos.

• **A todo trapo**

Descripción: Con esta actividade preténdese que o alumnado adquira unhas nocións básicas sobre a navegación marítima desde o seu comezo ata nosos días.

Nivel educativo: ESO (1º e 2º).

Metodoloxía: Finalizada a visita ao museo a cada alumnx faráselle entrega dun caderno. Nel haberá un texto cunha serie de ocos que deberán cubrir coas palabras que se lles proporcionarán.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

• Por aí resopra

O Museo Provincial do Mar ten o privilexio de ser custodio de ósos dunha especie de balea que se cazaba ata o século XVIII en augas do Cantábrico e que hoxe está extinguida. Navegamos cara atrás no tempo para mergullarnos na tradición daqueles cazadores de baleas.

• Que son: balea ou cachalote?

Descripción: Con esta actividade preténdese que xs nenxs de infantil aprendan a diferenciar diversos tipos de cetáceos por sinxelas diferencias morfolóxicas como que as baleas non teñen dentes senón barbas, namentres que o cachalote si ten dentes.

Nivel educativo: Educación Infantil.

Metodoloxía: Despois da visita ao museo, na que na sala das baleas se terá resaltado a diferenza que hai entre os diferentes tipos de baleas e os cachalotes, entregaráselles axs nenxs un caderno con dous debuxos: unha balea, na cal se verán claramente as barbas, e un cachalote, no que se percibirá facilmente o gran tamaño da súa cabeza e os seus dentes. Xs nenxs terán que colorear cada un deles que irán acompañados dun «b» e un «c» respectivamente para indicarlles cal é cal. Todo isto apoiados nun panel no que verán imaxes dos dous cetáceos.

Temporalización: 50 minutos.

• As baleas comen ou engolen?

Descripción: A finalidade desta actividade é que xs nenxs de infantil aprendan características que definen ás baleas.

Nivel educativo: Educación Primaria (1º, 2º e 3º).

Metodoloxía: Despois de escoitar unha pequena explicación sobre como se alimentan as baleas, xs nenxs responderán verdadeiro ou falso ás preguntas que se lles indiquen. Terán unha folla de consulta para posibles dúbihdas.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

• Vixando ao lombo dunha balea

Descripción: Con esta actividade trátase de introducir axs nenxs no coñecemento da morfoloxía e o hábitat das baleas, así como na tradición da súa caza na costa galega desde o século XIII ao XVIII e no século XX, o aproveitamento que se facía deste animal e as diferenzas da caza e da manufactura nunha e noutra época. Deste xeito o alumnado coñecerá a tradición baleeira en Galicia.

Nivel educativo: Educación Primaria (4º, 5º e 6º).

Metodoloxía: Xs alumnxs realizarán un encrucillado para o que contarán con oito definicións relacionadas coa caza da balea. Tamén con oito recadros marcados en cor azul que, combinados axeitadamente, revelarán o nome da mascota do museo.

Temporalización: 50 minutos.

• Navegando entre baleas

Descripción: Con esta actividade coñecerase a caza das baleas que se levou a cabo nas costas galegas do Cantábrico entre os séculos XIII e XVIII. Cal era o método de caza, o procesamento dos animais capturados e os diferentes usos dos produtos que se obtiñan.

Nivel educativo: ESO (1º e 2º).

Metodoloxía: Xs participantes na actividade terán que navegar por un texto referido á caza da balea no Cantábrico galego no que haberá unha serie de palabras erradas que terán que atopar e substituír polas axeitadas.

Temporalización: 50 minutos.

• Largando redes

Cando os mariñeiros largan as redes ás augas do mar non teñen a certeza do que vai vir nelas. Descubrimos as especies que habitan o noso mar e que artes usamos para capturarlas.

• Que hai no mar?

Descripción: Con esta actividade búscase que xs nenxs de infantil se acheguen ao mundo do mar e aos habitantes que se poden atopar nel.

Nivel educativo: Educación Infantil.

Metodoloxía: Finalizada a visita, a cada un dxs nenxs entregáráselles un caderno con varios debuxos de animais mariños que terán que colorear. Ao tempo que colorean os debuxos preguntaráselles se saben os seus nomes.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

• A pesca dos nomes

Descripción: Potenciarase o coñecemento do hábitat mariño, incentivando que xs alumnxs identifiquen diferentes peixes, cetáceos e moluscos.
Nivel educativo: Educación Primaria (1º, 2º e 3º).

Metodoloxía: Finalizada a visita ao museo faráselles entrega dun caderno de dúas follas. Nel terán oito animais mariños; peixes, cetáceos e moluscos que deberán identificar e escribir os seus nomes nunhas caixas cruzadas que haberá xunto aos debuxos. Por último, colorearán cada animal nas cores axeitadas.

Temporalización: 50 minutos.

• Habitantes do mar

Descripción: Nesta actividade búscase que xs rapaxs adquiran unha serie de coñecementos acerca do mar e da cultura mariñeira. Neste caso sobre os habitantes do mar, a súa alimentación, o seu hábitat ou como os pescamos.

Nivel educativo: Educación Primaria (4º, 5º e 6º).

Metodoloxía: Despois de visitar o museo, e darralles xs rapaxs breves referencias sobre as principais especies que viven no mar, entregaráselle a cada alumnx un caderno no que haberá 13 fotografías de animais mariños, con dúas caixiñas ao lado coas preguntas: «quen son?» e «que sabes de mim?». Na primeira delas deberán poñer o nome e a especie do animal da fotografía e, na segunda, o seu hábitat, o que come, que arte de pesca se utiliza para a súa captura e algún outro detalle que coñezan.

Temporalización: 50 minutos.

• Guarnindo o aparello

Descripción: Con esta actividade buscarase que xs alumnxs coñezan as diferentes especies que viven nos mares e as artes de pesca que se empregan para a súa captura.

Nivel educativo: ESO (1º e 2º).

Metodoloxía: Despois da visita guiada, cada alumnx terá un caderno no que haberá oito definicións de artes de pesca e un recadro cos oitos nomes correspondentes. Terán que adiviñar con que nome se corresponde cada definición.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

Os facedores de barcos. Desde o século XIV está documentada a importancia da carpintería de ribeira en San Cibrao que se viu incrementada coa aparición do complexo Sargadelos. Mantense hoxe en día coa última carpintería de ribeira da provincia de Lugo. No museo preservamos a memoria destes facedores de barcos.

• Pinta mariñeiro

Descripción: Tomando como referencia o banco de carpinteiro exposto na sala 2 do museo, achegaremos axs alumnxs de infantil á carpintería de ribeira, actividade de gran importancia en toda a Mariña Lucense e, en concreto, na vila de San Cibrao.

Nivel educativo: Educación Infantil.

Metodoloxía: Despois da visita ao museo, entregaráselle a cada alumnx un caderno no que haberá un barco para colorear e identificar as principais partes do mesmo.

Temporalización: 50 minutos.

• Vento mareiro

Descripción: Nesta actividade traballarase a partires dun debuxo dunha traiñeira, embarcación tradicional galega, para descubrir os nomes das principais partes dun barco.

Nivel educativo: Educación Primaria (1º, 2º e 3º).

Metodoloxía: Entregaráselle a cada alumnx unha folla cun debuxo dunha traiñeira con números indicativos das súas diferentes partes. Debaixo do debuxo haberá unha listaxe cos nomes referidos ás partes da embarcación. Xs nenxs deberán relacionar os números cos nomes correspondentes.

Temporalización: 50 minutos.

• Glosario mariñeiro

Descripción: Con esta actividade procúrase que o alumnado coñeza o que son os estaleiros, e a gran importancia que tiveron en San Cibrao a carpintería de ribeira e a construcción naval.

Nivel educativo: Educación Primaria (4º, 5º e 6º).

Metodoloxía: Finalizada a visita ó museo, entregaráselles xs rapaxs un caderno cun pequeno texto no que se destaca a importancia que tivo a construcción de barcos en San Cibrao. Despois verán unha sopa de letras na que se agochan os nomes de seis pezas dun barco a vela e, a continuación, as seis definicións desas pezas. Terán que escribir o nome da peza correspondente por riba de cada definición.

Temporalización: 50 minutos.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

• Atopa a túa embarcación

Descripción: Con esta actividade xs alumnxs coñecerán a importancia da carpintería de ribeira como parte do noso patrimonio cultural. Familiarizaranse coas diferentes técnicas construtivas e as partes dunha embarcación.

Nivel educativo: ESO (1º e 2º).

Metodoloxía: A cada participante entregaráselle un caderno cunha serie de afirmacións relativas á carpintería de ribeira. Cada unha delas terá unha dobre opción (verdadeira e falsa) con letras asociadas. Despois de escoller as opcións que consideren verdadeiras, deberán combinar as letras asociadas para atopar o nome da súa embarcación.

Temporalización: 50 minutos.

Código internacional de bandeiras. Aprendemos a comunicación no mar antes da invención da radio e, ao mesmo tempo, reflexionamos sobre o mar como fronteira universal e encrucillada de culturas.

• Arriba a bandeira

Descripción: Xs alumnxs traballarán co Código Internacional de Sinais. Explicaráselles o significado xeral e a función tan importante que ten a comunicación entre barcos.

Nivel educativo: Todos os niveis.

Metodoloxía: Como un grupo de bandeiras representa o abecedario, cada nenx debuxará nun caderno que se lles entregará, as bandeiras que se correspondan coas letras dos seus nomes. Para facilitarllas a tarefa, contarán cun panel informativo de consulta.

Temporalización: 50 minutos.

ACTIVIDADES POSTERIORES Á VISITA

• Crea o teu propio museo

Xs escolares constrúen dunha forma práctica e imaginativa o seu propio museo a partires do diálogo cxs docentes, coa súa propia comunidade e cxs profesionais do Museo Provincial do Mar.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

7. Recursos materiais

NO CENTRO EDUCATIVO

- Mapas xerais e temáticos da Mariña Lucense e de toda a provincia de Lugo.
- Álbuns fotográficos da provincia de Lugo.
- Proxector.
- Bibliografía sobre o mar, a navegación e a pesca.
- Recursos TIC. Uso de Internet para a procura de información complementaria.

NO MUSEO

- Materiais plásticos (pinturas, rotuladores, cartolinhas, etc.).
- Bandeiras de cores.
- Cámara fotográfica.
- Proxector.
- Cadernos de notas ou debuxos.

8. Organización do espazo e tempo

A unidade didáctica desenvólvese en dous lugares fundamentais que poderán estar situados na mesma zona xeográfica ou non. Isto determinará en gran medida a orientación didáctica do conxunto.

Por un lado, o Museo Provincial do Mar situado na vila de San Cibrao (Cervo) na Mariña Lucense, dentro dunha realidade natural e humana marcada pola existencia de mar. É dicir, a narración museolóxica do centro prolongarase ao espazo circundante, sendo territorio e centro partes da experiencia didáctica en igual medida.

Por outro lado, a propia aula do centro educativo como lugar básico onde se leva a cabo o conxunto da programación escolar. Contextualizarse deste xeito a saída educativa como un acto do proceso de aprendizaxe e non como unha actividade allea.

A proposta de temporalización secuencial consta de tres conxuntos de actividades para realizar en tres semanas alternas. A primeira e a última actividade faranse na aula e, a intermedia, será a saída ao museo.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

- 1º convxunto. Dúas sesións aconselladas. A primeira coa finalidade de coñecer o espazo e a paisaxe e, a segunda, para especular sobre o que alberga o museo en relación á cultura marítima e a paisaxe antes investigada.
- 2º convxunto. Visita ao museo e á área circundante ao longo dun día coa posibilidade de realizar unha visita matutina ou vespertina, ou ambas. Nos dous casos complementaranse cun roteiro no territorio onde se sitúa o museo.
- 3º convxunto. Dúas sesión aconselladas. Na primeira explicarase o proxecto de realizar o museo propio como contedor de historias e, na segunda, levarase a cabo a súa materialización. No caso de optar por unha materialización práctica resultará favorable deixar un tempo prudencial entre ambas sesións para realizar un seguimento personalizado. Ademais, sería axeitado realizar algúna actividade de carácter aberto coas familias para mostrar os resultados.

9. Avaliación

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

- Fichas de observación e seguimento.
- Análise das producións do alumnado.
- Intercambios orais co alumnado, tanto en grupo como de xeito individual, con especial fincapé nas postas en común e nas reflexións colectivas.

AVALIACIÓN DO PROFESORADO

Avaliación da práctica docente na aula en relación ao cumprimento dos obxectivos da unidade didáctica, así como ao convxunto do material didáctico utilizado e aos labores docentes sinalados. A avaliación partirá dunha análise previa das condicións de desenvolvemento didáctico e, a final, centrarase nunha avaliación procesual.

• Criterios de avaliação

- 1-Observarase o cumprimento das directrices marcadas na unidade didáctica en relación ao material utilizado.
- 2-Analizarase a mellora na comprensión e coñecemento da contorna máis próxima, tanto humana como xeográfica.
- 3-Enfrontaranse realidades paisaxísticas diferentes como forma de que o alumnado poida discernir entre diferentes construcións humanas e comunitarias.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

- 4-Comprobarase como xs estudiantes relacionan os seus coñecementos previos cos novos interrogantes expostos na unidade didáctica.
- 5-Detectarase a mudança en relación á experiencia de reparto das tarefas.
- 6-Observarase o cumprimento dos protocolos de conservación do medio a partir da aprendizaxe dos procedementos relacionados coa biodiversidade e a riqueza ambiental.
- 7-Avaliaranxe os coñecemento dos contidos aprendidos no tocante á diversidade animal.
- 8-Avaliarase os novos coñecementos e as reflexións en relación aos traballos tradicionais e á conservación do patrimonio.
- 9-Levarase a cabo o seguimento do desenvolvemento tecnolóxico en base ensaio/erro nas actividades realizadas.
- 10-Comprobarase se entre o alumnado xermolou unha actitude máis favorable respecto aos centros de cultura como centros de aprendizaxe e lecer.
- 11-Advertirase se se produciu unha mellora na utilización de elementos físicos e xeográficos á hora de plasmar de forma oral ou escrita ideas e coñecementos.
- 12-Analizarase o cambio actitudinal respecto ás prácticas lesivas para o conxunto do medio ambiente e do progreso social como, por exemplo, os ataques a bens finitos ou especies en extinción como a balea.
- 13-Observarase a actitude respecto ao fracaso como algo non negativo en si, senón inmanente a calquera proceso, tamén no ámbito educativo.

9. Atención á diversidade

A diversidade enténdese como algo inherente de calquera sociedade onde existen diferentes tipoloxías humanas que enriquecen o conxunto da comunidade. Non se tratan só de diversidades funcionais, tamén culturais ou xeográficas, como proceso social e de propiedade en común de todxs.

O Museo Provincial do Mar é mostra da diversidade como riqueza por ser o museo máis accesible de Galicia e ser unha muller cega a única guía no centro. Isto en si mesmo xa é atención á diversidade en relación ao confort que senten aquelas persoas con algún tipo de diversidade funcional que entran no museo.

En relación á unidade didáctica, a atención á diversidade debe desenvolverse adaptando todas as actividades ás diferentes capacidades de cadaquén, sen entender isto como unha flexibilización da esixencia ou da dificultade, senón procurando as estratexias más motivadoras e próximas.

A atención á diversidade tamén se dá no desenvolvemento estrutural do proceso de aprendizaxe ao optar por relacóns sensoriais de carácter múltiple coas pezas e traballando desde unha óptica da diversidade histórica de formas de vida como forma de progreso. Igualmente, no ámbito natural, o tratamento de diversidade virá como oportunidade de supervivencia e especialización.



Mar de Lugo (Unidade Didáctica)

Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar
(34) 982 594 572
nuseodomar@museolugo.org
<http://redemuseisticalug.org>



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO